

JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión do día 26 de novembro de 2001, adoptou o seguinte acordo:

10.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE TÉCNICO DO IMD COMO PROFESOR ASOCIADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O secretario do Consello de Administración do IMD, con data 14 de xuño de 2001, formula o seguinte informe-proposta:

"Con data 17 de abril de 2001 don José Angel Lago Filgueira, técnico do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, solicita a compatibilidade para exercer como profesor asociado da Universidade de Vigo. Posteriormente, con data 16 de maio de 2001, a Universidade de Vigo remite ó Concello os seguintes informes:

- Informe favorable do Rector da Universidade.
- Certificado de retribucións da Secretaría da Universidade sobre as retribucións de profesor asociado, que supoñen 58.551 ptas. brutas mensuais.

Segundo consta nas oficinas do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo don José Angel Lago Filgueira figura no cadro de persoal do Instituto Municipal dos Deportes como técnico de Educación Física, cunhas retribucións brutas anuais de 6.154.316 ptas., incluída a antigüidade. Polo tanto ós efectos do previsto no artigo 7 da Lei 53/1984, e consonte co previsto na Lei de orzamentos para 2001, non supera as retribucións máximas establecidas legalmente. Por todo isto resulta que o solicitante cumpre cos requisitos esixidos cuantitativamente respecto ás retribucións, segundo o esixido no artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, para que a autorización de compatibilidade poidera ser outorgada.

A solicitude de compatibilidade axústase ó previsto no artigo 14 do RD 498/95, do 30 de abril, no que se aproba o Regulamento de execución da Lei 53/94, xa que non alcanza o máximo de 30 horas semanais.

O artigo 16 da dita lei permite desempeñar un segundo posto no sector público, nos supostos previstos no mesmo, que son as funcións docente e sanitaria. No caso que nos ocupa trátase de docencia universitaria coma profesor asociado, previsto no artigo 4 da dita lei.

O artigo 16 da Lei 53/84 autoriza a compatibilidade para exercer coma profesor universitario asociado sen restricción ningunha na percepción do complemento específico ou concepto equiparable."



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/05/2019 11:20

Páxina 1 de 2

Expediente 1469/1101

CSV: 2AEFCC-A8D2AH-3CEED1-3MURXN-YMQ9TQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Polo exposto e de conformidade co previsto na Lei 53/84 e no Regulamento de execución da mesma, é competencia do Pleno Municipal a autorización da compatibilidade e, ó mediar informe favorable da autoridade universitaria (Rector da Universidade de Vigo), o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Réxime Interior, en sesión do 21 de novembro de 2001, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Autorizar a compatibilidade a don José Angel Lago Filgueira, do seu posto de traballo como técnico do IMD, co de profesor asociado dedicación parcial da Universidade de Vigo, dado que cumpre cos requisitos establecidos na Lei 53/84 e no seu Regulamento.

E para que así conste e a petición do interesado, expido esta certificación de orde e co visto e praxe do Ilmo. Sr. Alcalde, en Vigo, á data da sinatura dixital.

Am

Vº e Praxe
O ALCALDE,

